



REGULAMENTO DO REXISTRO COLEXIAL DE SOCIEDADES PROFESIONAIS DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA

Artigo 1. CREACIÓN DO REXISTRO

Conforme ao previsto no artigo 8.4 da Lei 2/2007, de 15 de marzo, de sociedades profesionais (BOE núm. 65 de 16 de marzo de 2007) créase o *Rexistro de Sociedades Profesionais de Psicoloxía* do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, rexistro que ten como función esencial permitir a constitución dun vínculo xurídico de suxeición das sociedades profesionais ao Colexio, para que este poida exercer as funcións de ordenación da profesión que a lexislación lle encomenda e que ata a promulgación desta lei só podía exercer sobre as/os colexiadas/os persoas físicas. Ten ademais o rexistro, unha función de publicidade para garantía dos/as usuarios/as das sociedades.

O presente Regulamento ten por obxecto establecer as normas necesarias para a constitución e adecuada articulación do *Rexistro*, de conformidade cos artigos 7.2.b), 8 e a Disposición transitoria segunda da Lei 2/2007.

Artigo 2. AMBITO DE APLICACIÓN

O presente Regulamento será de aplicación ás sociedades profesionais que teñan o seu domicilio social na demarcación territorial do Colexio e inclúan no seu obxecto social:

- a) O exercicio da profesión de psicólogo/a.
- b) O exercicio multidisciplinar da Psicoloxía e calquera outra profesión ou profesións para cuxo desempeño se requira titulación universitaria oficial, ou titulación profesional para cuxo exercicio sexa preciso acreditar unha titulación universitaria oficial, e a inscrición no correspondente Colexio Profesional.

Artigo 3. ORGANIZACIÓN FÍSICA DO REXISTRO

1. O Rexistro colexial de Sociedades Profesionais estará aloxado na sede colexial e contará cunha folla rexistral por cada sociedade profesional inscrita, na que constarán todas as inscricións relativas á mesma. Poderán establecerse en soporte informático as follas rexistrais.

2. O Rexistro estará integrado por dúas Seccións: A Sección de Sociedades Profesionais de Psicoloxía, na que se inscribirán aquelas sociedades cuxo obxecto social exclusivo sexa o exercicio da Psicoloxía, e a Sección de Sociedades Profesionais Multidisciplinares, na que se inscribirán aquelas sociedades nas que tamén figure a Psicoloxía, aínda que non exclusivamente, como obxecto social das mesmas.

3. Asemade, existirá un anexo ao ficheiro ou ficheiro auxiliar do Rexistro, que poderá constituírse en soporte informático, onde para cada sociedade profesional se depositarán os documentos que se relacionan no artigo 6.3. deste regulamento.



Artigo 4. EXERCICIO ASOCIADO DA PROFESIÓN

As/os psicólogas/os poderán asociarse para exercer a profesión nos termos establecidos na Lei 2/2007, de 5 de marzo, de Sociedades Profesionais e neste Regulamento.

Poderán igualmente constituír con outros tipos de titulados universitarios e que se atopen colexiados/as nas súas respectivas corporacións, sociedades que teñan por obxecto o exercicio de varias actividades profesionais, cuxo desempeño non fora declarado incompatible por norma de rango legal ou regulamentaria.

As sociedades profesionais indicadas no apartado anterior poderán constituírse de acordo a calquera das formas societarias previstas nas Leis.

Artigo 5. OBRIGATORIEDADE DA INSCRIPCIÓN.

1. As sociedades, calquera que fora a súa forma societaria, que tiveran por obxecto social o exercicio en común da profesión de psicóloga/o, e ademais tiveran radicado o seu domicilio social no ámbito territorial do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, deberán obrigatoriamente constituírse como sociedades profesionais conforme ao previsto na Lei 2/2007, e inscribirse no Rexistro Mercantil correspondente ao seu domicilio social e, posteriormente, no Rexistro de Sociedades Profesionais deste Colexio. A mesma obriga incumbe ás sociedades multidisciplinares que contén entre as actividades profesionais que exerzan, a do exercicio da profesión da Psicoloxía. Neste último caso a sociedade deberá inscribirse, asemade, nos Colexios Profesionais que correspondan ao resto das actividades profesionais que conformen o seu obxecto social.

2. Como consecuencia do previsto no apartado anterior, as/os colexiadas/os que ostenten a condición de socias/os profesionais dunha sociedade profesional que cumpra as condicións establecidas no apartado anterior, estarán obrigados/as a inscribir a referida sociedade e cantas modificacións estatutarias se produzan no Rexistro de Sociedades Profesionais do Colexio, todo elo con independencia das comunicacións que de oficio efectúe o Rexistrador Mercantil relativas á práctica das inscricións realizadas no Rexistro Mercantil polas sociedades profesionais.

Artigo 6. ACTOS SUXEITOS A INSCRIPCIÓN

1º Será obrigatoria a inscrición e constancia no Rexistro de Sociedades Profesionais deste Colexio dos seguintes datos:

1. Da escritura pública de constitución:
 - a. Denominación ou razón social.
 - b. Domicilio social
 - c. Número de Identificación Fiscal.

- d. Transcrición textual do obxecto social que figura na escritura pública de constitución da sociedade.
 - e. Data, reseña identificativa da escritura pública de constitución e Notario autorizante.
 - f. Datos da dilixencia de inscrición no Rexistro Mercantil (data da inscrición e datos rexistrais -Rexistro, tomo, folio-)
 - g. Duración da sociedade, se se constituíra por tempo determinado, ou expresión do seu carácter indefinido.
 - h. Identificación das/os socias/os profesionais:
 - 1. Nome, dirección e NIF.
 - 2. Colexio Profesional de adscrición e número de colexiado.
 - i. Identificación dos/as socios/as non profesionais: nome, dirección e NIF.
 - j. Descrición do órgano de administración da sociedade e identificación completa e domicilio das persoas que o constituían.
 - k. Capital social e participación no mesmo de cada socia/o.
2. Os eventuais cambios producidos nas persoas dos/as socios/as profesionais e non profesionais, con identificación das/os substitutas/os nos termos do número anterior.
3. Os ceses e nomeamentos dos/as administradores/as sociais e representantes legais nos termos previstos no anterior apartado 1.
4. A fusión, absorción, escisión e transformación das sociedades profesionais inscritas no Rexistro.
5. A disolución e liquidación das sociedades profesionais inscritas.
6. Outras modificacións que se realicen no contrato social, denominación, obxecto e domicilio social.
7. As eventuais resolucións sancionadoras ás/aos colexiadas/os socias/os profesionais que afecten ao seu exercicio profesional, que se comunicarán polo Colexio ao Rexistro Mercantil, á plataforma ao efecto instituída polo Ministerio de Xustiza e ao órgano equivalente da Comunidade Autónoma, se existira.
8. Calquera outros que viñeran esixidos pola normativa de desenvolvemento da Lei de Sociedades Profesionais, por resolucións da Dirección Xeral de



Rexistros e Notariado e polas normas e acordos adoptados pola Xunta de Goberno do Colexio, para a aplicación, desenvolvemento e interpretación do presente Regulamento do Rexistro de Sociedades Profesionais.

2º. Os datos persoais facilitados polos/as interesados/as serán incluídos no ficheiro de datos do Rexistro colexial para as xestións derivadas do cumprimento do previsto na Lei 2/2007, de Sociedades Profesionais, non sendo cedidos nin tratados con ningunha outra finalidade.

De conformidade coa Lei Orgánica de Protección de Datos, asistirán ás/aos interesadas/os os dereitos de acceso, rectificación e cancelación dos seus datos persoais.

O ficheiro será debidamente inscrito na Axencia Española de Protección de Datos.

3º. Para posibilitar o cumprimento do previsto no anterior apartado 1º.1 deste artigo, a sociedade e as/os socias/os profesionais colexiadas/os no Colexio que pretenda a inscrición daquela no Rexistro Colexial de Sociedades Profesionais deberán presentar xunto co impreso de solicitude de inscrición a seguinte documentación:

a) Copia autorizada da escritura pública de constitución da sociedade, ou primeira copia, na que conste a dilixencia de inscrición no Rexistro Mercantil.

b) Orixinal ou copia compulsada da tarxeta de identificación fiscal da sociedade.

c) Certificado individual, emitido polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, que acredite a titulación, colexiación e habilitación dos/as psicólogos/as socios/as profesionais, no caso de que non figure como anexo á escritura.

No arquivo do Colexio quedará copia compulsada polo Secretario do Colexio de tódolos documentos anteriormente reseñados.

4º Os extremos ou actos sinalados nos números 2 a 6 e 8 do anterior apartado 1º de este artigo serán comunicados e inscritos no Rexistro colexial previa a aportación por parte da sociedade afectada e das/os socias/os profesionais da documentación acreditativa reseñada.

Artigo 7. PROCEDEMENTO DA INSCRICIÓN.

1. Primeira inscrición

a. A solicitude de primeira inscrición no Rexistro Colexial de Sociedades Profesionais, formulada no impreso normalizado a estes efectos, e subscrita polo/a representante legal da sociedade dirixirase á/ao Secretaria/o do Colexio e será presentada na Secretaría da Corporación.



b. Da solicitude e da documentación recibida, facilitarase resguardo aos/ás interesados/as, trasladándose á/ao Secretaria/o del Colexio, como responsable do Rexistro.

c. A solicitude e documentación recibida trasladarase aos Servizos Xurídicos do Colexio, que emitirá informe de cualificación da Sociedade Profesional, no que se concluírá sobre a procedencia ou non da inscrición no Rexistro Colexial, de conformidade coas previsións contidas na Lei.

d. Se a solicitude reunira os requisitos previstos neste Regulamento, procederase a efectuar a inscrición da sociedade nos termos previstos no presente Regulamento, previo acordo ao efecto adoptado pola Xunta de Goberno ou órgano colexial en quen a mesma puidese ter delegado tal cometido. En tal caso, asignarase unha clave individualizada de identificación rexistral, que será única para cada sociedade. No caso de que a solicitude de inscrición reunise tódolos requisitos esixibles, o prazo para practicala non poderá exceder de trinta días naturais.

e. Se a solicitude non reunira os datos e documentos sinalados no artigo 6 do presente Regulamento, ou se a sociedade non reunise algunha das condicións esixidas pola Lei, suspenderase a súa inscrición requirindo á sociedade ou ás/aos socias/os que pertencen ao Colexio para que, no prazo de trinta días naturais, subsanen o defecto, advertíndolles de que se así non o fixeran, teráselles por desistidos da súa petición, previa resolución ditada ao efecto.

f. Efectuada a subsanación ou transcorrido o prazo estipulado no parágrafo anterior o/a Secretario/a do Colexio elevará o expediente á Xunta de Goberno, que tomará acordo admitindo ou denegando a inscrición solicitada.

g. Poderá denegarse a inscrición no Rexistro por non aboar as taxas de inscrición que no seu caso se fixen, así como cando a solicitude non reunira os datos ou non acompañara os documentos establecidos na normativa aplicable neste Regulamento, ou se incumpriran algún dos demais requisitos esixidos por la Lei. Nestes casos a/o Secretario/o do Colexio, co visto e prace do/a Decano/a, certificará a resolución denegatoria da inscrición no prazo dos trinta días seguintes á notificación do requirimento de subsanación, notificándoa de seguido á sociedade afectada e ás/aos socias/os profesionais. A referida resolución terá que ser ratificada pola Xunta de Goberno na primeira reunión ordinaria que celebre.

h. Se á vista do informe dos Servizos Xurídicos se considerara que a inscrición no Rexistro Mercantil practicouse con vulneración de aspectos esenciais ou formais da Lei 2/2007, a Xunta de Goberno poderá adoptar o acordo de interpoñer recurso ante a Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado en impugnación do acto rexistral, cursando a pertinente comunicación en tal sentido ao/á Rexistrador/a Mercantil.

En todo caso procederase a notificar ao Rexistro Mercantil os acordos polos que se denegue a inscrición.



i. A cada sociedade inscrita asignaráselle un número específico de rexistro, que adoptará a seguinte forma:

GSP-0001 ou GSM-0001. Sendo:

"G": o código do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia;

"SP": o código da sociedade conformada só por psicólogas/os;

"SM": o código da sociedade multidisciplinar;

"0001": o número de orde da sociedade inscrita

k. Inscrita a sociedade, na escritura pública de constitución que ao efecto se presentara farase constar unha dilixencia, subscrita polo/a Secretario/a do Colexio, coa seguinte lenda:

"Previo exame e cualificación da documentación aportada e de conformidade co artigo 8.4 da Lei 2/2007, de Sociedades Profesionais, procédese á súa inscrición no Rexistro deste Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia"

- *Sociedade inscrita co nº GSP ou GSM-0001.*
- *Data de inscrición: dd/mm/aaaa"*

Asdo. O/A SECRETARIO/A

A expresada lenda consignarase inmediatamente despois da do Rexistro Mercantil.

2. Inscricións sucesivas

a. Pola/o Secretaria/o do Colexio ou persoa ou órgano en quen delegue tal función, procederáse a efectuar as inscricións correspondentes aos ceses e nomeamentos de administradores/as, representantes legais, cambios de socias/os, modificacións do contrato social, da denominación ou do domicilio social, ou calquera outro cambio suxeito a inscrición no Rexistro Mercantil. As referidas eventuais modificacións deberán ser notificadas ao Colexio no prazo dos dez días hábiles seguintes á súa plasmación na correspondente escritura pública e inscrición no Rexistro Mercantil. Será necesario que a solicitude se acompañe da primeira copia da escritura pública que en cada caso corresponda, na que deberá constar a dilixencia de inscrición no Rexistro Mercantil correspondente.

De non producirse modificación algunha, cada dous anos os/as socios/as psicólogos/as formularán e entregarán no Colexio declaración formal de que se manteñen inalteradas as circunstancias sociais e de que a sociedade, por tanto, continúa reunindo tódolos requisitos legalmente esixibles.

b. O prazo para solicitar pola sociedade e por un/unha ou varios/as socios/as profesionais pertencentes ao Colexio as inscricións esixidas por este Regulamento, e que non sexan comunicadas polo Rexistrador Mercantil, será de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao que teñan sido inscritas polo Rexistrador Mercantil.



3. Comunicación a outros Rexistros

Practicada calquera tipo de inscrición, a/o responsable do Rexistro colexial procederá a comunicala ao Rexistro Xeral de Sociedades Profesionais do Consello Xeral. O Colexio, ou no seu caso, o Consello Xeral procederá a notificar á plataforma informática ao efecto instituída polo Ministerio de Xustiza. No suposto de sociedades multidisciplinares, unha vez practicada a correspondente inscrición no rexistro, o Colexio dará traslado disto aos demais Colexios profesionais que procedan aos efectos sinalados no artigo 8.6 da Lei 2/2007, de 15 de marzo.

4. Notificación e recursos contra a denegación da inscrición

a. Dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno darase traslado -con devolución da documentación orixinal presentada e sen prexuízo de deixar testemuño da mesma no expediente- aos/ás solicitantes da inscrición no Rexistro Colexial e o propio Rexistro Mercantil, indicándose en tódolos casos os recursos que contra os mesmos puideran interpoñerse e o órgano perante o que tería que presentarse, así como os prazos para levalo a cabo. A denegación de inscricións a sociedades multidisciplinares tamén terá que notificarse ao resto dos Colexios profesionais afectados, así como ao Rexistro Mercantil onde a sociedade estivese inscrita, isto último sen prexuízo do previsto no artigo 7.1.h).

b. Contra a denegación de inscrición de calquera acto ou extremo no Rexistro Colexial poderán as/os interesadas/os interpoñer os recursos establecidos nos Estatutos Colexiais para a impugnación de acordos dos Órganos Colexiais.

c. A solicitude de inscrición poderá reproducirse unha vez que cesen as causas que motivaron a denegación.

Artigo 8. COMUNICACIÓNS DO REXISTRO MERCANTIL

Cando, conforme prevé o artigo 8.4 de la Lei de Sociedades Profesionais, o Colexio recibira do Rexistrador Mercantil comunicacións de oficio relativas á práctica das inscricións realizadas no Rexistro Mercantil polas sociedades profesionais, dirixirase á sociedade afectada para que efectúe asemade a inscrición no Rexistro colexial na forma prevista no presente Regulamento, advertíndoa de que, en caso contrario, non se procederá á súa inscrición e non se producirán os efectos inherentes á mesma, e especificamente o da adquisición da capacidade de obrar no ámbito do exercicio profesional.

Se a comunicación se referise a algún tipo de inscrición realizada no Rexistro Mercantil e referida a unha sociedade xa inscrita no Rexistro colexial, requirirase á sociedade para que aporte no prazo de dez días hábiles a documentación que en cada caso proceda, advertíndoa de que, en caso contrario, procederase a suspender os efectos derivados da inscrición ata que fora aportada na forma prevista no presente Regulamento.



Artigo 9. CONDICIÓNS LEGAIS PARA A INSCRIPCIÓN

1. Forma xurídica.

As sociedades profesionais poderán constituírse de acordo a calquera forma societaria prevista nas leis.

2. Socio/a profesional Colexiado/a.

a) Para poder inscribirse no Rexistro Colexial de Sociedades Profesionais, polo menos unha/un das/os socias/os profesionais deberá estar Colexiada/o neste Colexio.

b) Os/as socios/as profesionais psicólogos/as deberán atoparse no pleno exercicio dos seus dereitos corporativos e profesionais.

c) Non poderán ser socias/os profesionais as persoas nas que conorra causa de incompatibilidade para o exercicio da profesión ou profesións que constitúan o obxecto social, nin aquelas que se atopen inhabilitadas para o exercicio ao abeiro de resolución xudicial ou corporativa.

3. Participación dos/as socios/as no capital da entidade e no voto.

a) Nas sociedades de capital, as tres cuartas partes do capital e dos dereitos de voto pertencerán a psicólogas/os ou, no caso de sociedades multiprofesionais, aos/ás socios/as profesionais.

b) Nos restantes tipos de sociedades as tres cuartas partes do número de socias/os deberán ser psicólogos/as ou, no caso de sociedades multiprofesionais, ser socias/os profesionais.

4. Réxime de goberno e administración.

a) Terán que ser socios/as profesionais as tres cuartas partes das/os membros dos órganos de administración, no seu caso, das sociedades profesionais. Se o órgano de administración fora unipersonal, ou se existiran conselleiras/os delegadas/os, as referidas funcións serán desempeñadas necesariamente por un/unha socio/a profesional.

b) As/Os socias/os profesionais unicamente poderán outorgar a súa representación noutros/as socios/as profesionais para actuar no seo dos órganos sociais.

5. Obxecto social

a) O obxecto social virá referido ao exercicio profesional da Psicoloxía e, no seu caso, de calquera outra actividade profesional para cuxo desempeño se requira titulación universitaria oficial, ou titulación profesional para cuxo exercicio sexa necesario acreditar unha titulación universitaria oficial, e inscrición no correspondente Colexio Profesional. Sempre que o desempeño da actividade



profesional no sexa declarado incompatible co exercicio da psicoloxía por calquera norma de rango legal ou regulamentario. A citada sociedade multidisciplinar deberá inscribirse en tódolos demais Colexios Profesionais relacionados coas actividades profesionais incluídas no seu obxecto social.

b) Non poderá a sociedade profesional ter por obxecto calquera outra finalidade que non sexa o exercicio da Psicoloxía, ademais, no seu caso, do exercicio dalgunha outra profesión para cuxo desempeño se requira titulación universitaria oficial, ou titulación profesional para cuxo exercicio sexa necesario acreditar unha titulación universitaria oficial, e inscrición no correspondente Colexio Profesional.

6. Inscrición no Rexistro Mercantil.

A sociedade profesional estará inscrita no Rexistro Mercantil en cuxo ámbito territorial radique o Colexio.

7. Contratación de seguro de responsabilidade civil profesional.

A sociedade profesional deberá subscribir un seguro que cubra a responsabilidade na que poida incurrir no exercicio da actividade ou actividades que constitúen o obxecto social, estando obrigada a manter as correspondentes pólizas ao corrente no pago.

A obriga de aseguramento da sociedade é independente da que, no seu caso, corresponda a cada un das/os psicólogas/os que formen parte dela.

8. Pervivencia dos requisitos

a) Os requisitos enunciados anteriormente no presente artigo e calquera outros que puidera impor a normativa de aplicación, deberán cumprirse ao longo de toda a vida da sociedade profesional, constituíndo causa de cancelación da inscrición no Rexistro colexial o seu incumprimento sobrevido, a non ser que a situación se regularice no prazo máximo de tres meses contados dende o momento en que se produciu o incumprimento. Durante ese prazo suspenderanse os efectos colexiais e profesionais da inscrición.

b) Sen prexuízo dos efectos colexiais e profesionais que producirá a baixa no Rexistro colexial, procederase a comunicar ao Rexistrador Mercantil, ao Ministerio de Xustiza, á Comunidade Autónoma correspondente, e, no seu caso, a outros eventuais Colexios profesionais afectados, calquera posible incumprimento sobrevido dos requisitos enunciados no presente artigo ou de calquera outro que poida vir imposto pola normativa de aplicación. No caso de ser necesario, e dadas as condicións precisas para elo, a Xunta de Goberno do Colexio adoptará de oficio as disposicións oportunas para perseguir que a eventual concorrencia dalgún dos referidos incumprimentos produza a cancelación da inscrición no Rexistro Mercantil e nos portais de Internet instituídos por mandato do artigo 8.5 da Lei de Sociedades Profesionais.

Artigo 10. CANCELACIÓN DA INSCRICIÓN.



1. As Sociedades Profesionais e os/as socios/as profesionais psicólogos/as deberán solicitar a cancelación da inscrición no Rexistro colexial de Sociedades Profesionais cando cesen na actividade que determina a súa inclusión no ámbito de aplicación deste Regulamento ou cando deixen de cumprir os requisitos esixidos legal e regulamentariamente para a inscrición. A solicitude deberá dirixirse ó Secretario do Colexio e formularase dentro do mes seguinte ó feito que a motiva.

2. Poderase cancelar de oficio a inscrición das Sociedades inscritas no Rexistro colexial cando a Sociedade profesional incumpra algún dos presupostos esixidos pola Lei e este Regulamento. Da cancelación da inscrición darase conta ao Rexistro Mercantil, ao Ministerio de Xustiza e á Comunidade Autónoma, no seu caso.

Artigo 11. EFECTOS DA INSCRICIÓN E RENOVACIÓN DA MESMA.

1. A inscrición no Rexistro colexial, que será única e terá validez en todo o territorio nacional, producirá os seguintes efectos:

a) Dotará á Sociedade Profesional de capacidade de obrar no ámbito colexial e profesional permitíndolle, ademais de participar no acto público do visado nos termos previstos no artigo 15 deste Regulamento, que se lle imputen os dereitos e obrigas derivados da actividade profesional que desenvolvan as/os psicólogas/os colexiadas/os a través dos cales desempeñen o seu obxecto social, o que é sen prexuízo da responsabilidade que a cada un de estes alcance.

b) Habilitará á Sociedade Profesional para ser recoñecida, a efectos colexiais e profesionais, polo resto dos Colexios Oficiais de Psicólogos existentes no Estado Español, sempre previa a correspondente acreditación dos/as socios/as profesionais a través dos cales exerza a súa actividade.

c) Permitirá ao Colexio o exercicio sobre a Sociedade Profesional das competencias que lle outorga o ordenamento xurídico sobre as/os profesionais colexiadas/os, nos termos establecidos na Lei.

2. A inscrición non exime á Sociedade Profesional inscrita nin aos/ás socios/as profesionais psicólogos/as da obriga de xustificar en calquera momento, cando sexan requiridos para elo, o mantemento dos requisitos previstos neste Regulamento.

3. A inscrición da Sociedade Profesional no rexistro colexial non implica en ningún caso a adquisición pola mesma dos dereitos políticos que os Estatutos colexiais lles recoñecen ás/aos colexiadas/os.

Artigo 12. RECOÑECIMENTO DAS SOCIEDADES INSCRITAS.

O recoñecemento das Sociedades profesionais inscritas no Rexistro doutro Colexio Oficial de Psicólogos para actuar na demarcación do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia tramitarase, para cada pretendida actuación profesional, a través da previa acreditación do/a socio/a ou socios/as profesionais psicólogos/as colexiados/as a través dos/as cales a Sociedade profesional pretenda desempeñar o seu obxecto



social, no caso de que ditas/os profesionais non estivesen xa colexiadas/os. Os/as citados/as psicólogos/as, colexiados/as ou acreditados/as no Colexio, deberán aportar ao Colexio a correspondente Certificación emitida polo Colexio de procedencia na que consten os datos sociais e persoais sinalados no anterior artigo 9 practicándose, no seu caso, a correspondente anotación no Libro auxiliar ao efecto instituído.

Artigo 13. DEREITOS E OBRIGAS DAS SOCIEDADES PROFESIONAIS.

1. A intervención das Sociedades Profesionais na vida colexial levarase a cabo en tódolos casos a través da/o socio/a ou socias/os profesionais adscritas/os ao Colexio, carecendo a Sociedade Profesional de dereitos políticos.

2. As actuacións presuntamente contrarias á deontoloxía profesional imputables á Sociedade Profesional depuraránse en vía disciplinaria instruída contra o/a socio/a ou socios/as profesionais psicólogos/as e os seus efectos sancionadores, de habelos, terán efecto, ademais de sobre as/os colexiadas/os, sobre a inscrición rexistral societaria se a elo houbera lugar, nos termos previstos pola Lei.

Artigo 14. DEREITOS DE INSCRICIÓN E DE MANTEMENTO DO REXISTRO DE SOCIEDADES PROFESIONAIS.

O Colexio poderá establecer, previo acordo da Xunta de Goberno, unha taxa polos dereitos de inscrición e de mantemento do Rexistro de Sociedades Profesionais. Estas taxas non terán, en ningún caso, a consideración de cotas de colexiación a cargo das sociedades.

Artigo 15. ENCARGO E VISADO DOS TRABALLOS PROFESIONAIS

1. A Sociedade Profesional unicamente poderá exercer as actividades profesionais a través dun psicólogo/a colexiado/a ou acreditado/a no Colexio.

2. Cando a sociedade realice traballos para os que se necesite o visado colexial, estes deberán ser subscritos sempre pola/o profesional ou profesionais colexiadas/os.

3. Cando a Sociedade Profesional actúe a través dun/unha psicólogo/a colexiado/a ou acreditado/a que non teña a condición de socio/a profesional, deberá consignarse a relación profesional que os/as vincula.

4. O acto público do visado deberá practicarse a nome da/o profesional colexiada/o ou acreditada/o que se responsabilice do traballo, consignándose a súa relación coa sociedade profesional.

5. Na documentación dos traballos profesionais sometidos a visado poderá figurar a denominación ou logotipo da entidade, pero deberá aparecer necesariamente a firma do/a ou dos/as psicólogos/as responsables dos mesmos.



Artigo 16. DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE PROFESIONAL

1. No exercicio da actividade ou actividades profesionais que constitúan o seu obxecto, a Sociedade Profesional rexerese polas normas contidas na Lei 2/2007.
2. As/os psicólogas/os que actúen no seo da sociedade profesional exercerán a actividade profesional de conformidade co réxime deontolóxico e disciplinario propio da profesión e coa normativa reguladora das atribucións profesionais da mesma.
3. En ningún caso será obstáculo o exercicio da actividade profesional a través da sociedade para a efectiva aplicación aos/ás profesionais psicólogos/as, socios/as ou non, do réxime disciplinario que corresponda segundo o ordenamento colexial.

Artigo 17. ORGANIZACIÓN ADMINISTRATIVA DO REXISTRO

1. O Rexistro de Sociedades Profesionais que se institúe a través do presente Regulamento está suxeito á autoridade da Xunta de Goberno do Colexio, a cal poderá ditar instrucións de natureza interpretativa de carácter xeral sobre o disposto no presente Regulamento.
2. A Xunta de Goberno poderá delegar de forma expresa no/a Secretario/a do Colexio ou noutro órgano do mesmo tódalas facultades legalmente delegables, e que sexan necesarias para un axeitado funcionamento do Rexistro de Sociedades Profesionais, a excepción das denegacións e cancelacións de inscricións, que corresponderán sempre á Xunta de Goberno.

Artigo 18. PUBLICIDADE DO REXISTRO

O Rexistro de Sociedades Profesionais do Colexio é de carácter público, de forma que o Colexio informará das inscricións a calquera con interese lexítimo que así o demande, expedindo o Secretario as certificacións a que, no seu caso, houbera lugar.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Inscrición das sociedades xa constituídas

As entidades mercantís constituídas antes da entrada en vigor da Lei 2/2007 (16/06/07) deberán adaptarse ás previsións da mesma antes do día 16 de xuño de 2008. Asemade, deberán inscribirse no rexistro do Colexio no prazo máximo dun ano dende a efectiva constitución do mesmo, isto é, antes do 7 de marzo de 2009.